

|                        |                     |                                  |
|------------------------|---------------------|----------------------------------|
| CONCELLO DE PONTEVEDRA | ORZAMENTO DE GASTOS | TIPO DE INFORME                  |
|                        | EXERCICIO 2009      | OBRAS- NEGOCIADO CON PUBLICIDADE |

|   |        |  |            |
|---|--------|--|------------|
| <b>INFORME</b>  |        | Nº Referencia                                    | 215-392/08 |
|   |        | Data   | 15/12/2008 |
| <b>EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS</b>                                |        | <b>CARACTERÍSTICAS</b>                           |            |
| UNIDADE XESTORA:  | OTMAIE | FASE DO GASTO: RC                                |            |
| DESCRIPCIÓN:<br><br>INSTALACIÓN DE REDE DE SUMIDOIROS EN CARRASCO-MARCÓN. |        | IMPORTE €: 188.993,23 (162.925,20+26.068,03)     |            |
|   |        | PARTIDA:   |            |
|   |        | Nº OPERACIÓN CONTABLE: RC Nº 2009-               |            |
|   |        | A TITULAR DO O.X.P.C.<br><br>(Ver informe anexo) |            |

**FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE**  
Extremos a comprobar

**0. Con carácter xeral:**

|                          |    |  |
|--------------------------|----|--|
| <input type="checkbox"/> | SI | Adecuación do expediente ao disposto na normativa vixente (Lei 30/2007, RD 1098/2001, Lei 7/85, Lei 5/97, RDL 2/2004, RD 500/90 e Bases de Execución do Orzamento prorrogado para o 2009). |
| <input type="checkbox"/> |    | Existencia e adecuación do crédito.  |
| <input type="checkbox"/> |    | Gasto plurianual (cumprimento requisitos do artigo 174 RDL2/2004).   |
| <input type="checkbox"/> | SI | Proposta formulada pola unidade/órgano xestor responsable do programa.   |
| <input type="checkbox"/> | SI | Competencia do órgano de contratación.   |
| <input type="checkbox"/> |    | Executividade dos recursos que financian a proposta.   |

**1. Con carácter específico no contrato de obras :**

|                          |    |   |
|--------------------------|----|---|
| <input type="checkbox"/> | SI | Proxecto e/ou orzamento informado por Técnico Municipal   |
| <input type="checkbox"/> | SI | Proposta de gasto   |
| <input type="checkbox"/> | SI | Prego de cláusulas administrativas particulares/tipo  |
| <input type="checkbox"/> | SI | Prego de prescripcions técnicas   |
| <input type="checkbox"/> | SI | Replanteo do proxecto de obra (esixida polo artigo 110 da Lei 30/2007).   |
| <input type="checkbox"/> |    | Informe de supervisión do proxecto (contratos con contía superior a 350.000 euros)                                |
| <input type="checkbox"/> | SI | Informe xurídico  |
| <input type="checkbox"/> | SI | Estudio de Seguridade e Saúde (orzamento igual ou superior a 450.759,08€) ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde. |

**RESULTADO DA FISCALIZACION**

|                                     |                             |                       |
|-------------------------------------|-----------------------------|-----------------------|
| <input type="checkbox"/>            | SEN FISCALIZAR              |                       |
| <input type="checkbox"/>            | FISCALIZADO DE CONFORMIDADE |                       |
| <input checked="" type="checkbox"/> | FISCALIZADO CON REPAROS:    | (Ver informe adxunto) |

**CONCLUSION**

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/>            | Devólvese o expediente para subsanación de erros materiais ou, se é o caso, aportación dos documentos preceptivos.       |
| <input type="checkbox"/>            | Procede proseguir a tramitación do presente expediente.  |
| <input type="checkbox"/>            | Procede proseguir a tramitación do presente expediente; non obstante, fórmulase a observación anexa.                     |
| <input type="checkbox"/>            | Sen efectos suspensivos, pero a Unidade Xestora debe subsanar os reparos antes de someter o Expediente a súa aprobación. |
| <input checked="" type="checkbox"/> | Suspéndese a tramitación do expediente ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia plantexada.     |



CONFORME:  
O INTERVENTOR

*[Handwritten signature]*

Pontevedra, 1 de abril de 2009  
O TÉCNICO DE INTERVENCIÓN

Asdo.:

*[Handwritten signature]*

# CONCELLO DE PONTEVEDRA

Intervención Xeral

**ASUNTO:** INSTALACIÓN DE REDE DE SUMIDOIROS EN CARRASCO-MARCÓN.  
**EXPTE:** 215-392/2008

## INFORME COMPLEMENTARIO

1.- Faise constar que na cláusula 20ª do Prego de condicións económico-administrativas sinalase que a dirección de execución da obra así como a coordinación en materia de seguridade e saúde será realizada polo Técnico competente contratado pola empresa adxudicataria. Así mesmo, na cláusula 23ª, indicase que serán por conta do adxudicatario os gastos da dirección facultativa das obras, incluída a coordinación en materia de seguridade e saúde.

Indicar que, como se ven poñendo de manifesto reiteradamente nos informes emitidos por esta Intervención Xeral Municipal, os gastos de dirección técnica das obras non deben imputarse ao contratista, senon que se trata de gastos que debe asumir a propia Administración, ben a través dos seus propios técnicos, ben mediante o correspondente contrato de consultoría e asistencia técnica, á vista dos informes 26/99, 51/99, 1/03 e 26/04 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (artigos 10, 22 e 93 da LCSP e 131 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro).

2.- Con respecto á financiación, incorpórase informe da Técnica de Contabilidade e Presupostación de data 24 de marzo de 2009, do que se desprende que, a día de hoxe, non existe consignación para asumir o gasto que suporía a realización do presente proxecto.

Non obstante, e de conformidade co manifestado no artigo 94.2 da LCSP, onde se regula a tramitación anticipada de gastos, e na Base 36ª Bis das de execución do orzamento prorrogado para o 2009, e sempre que así o decida o órgano competente, poderá tramitarse o expediente de contratación unicamente ata a fase de Autorización do gasto (fase A), quedando condicionado o compromiso de gasto coa adxudicación do contrato (fase D) á habilitación de crédito adecuado e suficiente para financiar os gastos que se derivarían da realización do proxecto.

Pontevedra, 1 de abril de 2009  
O Técnico de Intervención

Asdo. ,





**CONCELLO DE PONTEVEDRA**  
**ÓRGANO DE XESTIÓN PRESUPOSTARÍA**  
**E CONTABILIDADE**

Rfra. 90TOXPC/09

ASUNTO: "INSTALACIÓN DE REDE DE SUMIDOIROS NO LUGAR DE CARRASCO- MARCÓN (Expdte.215-392/08)."

**INFORME DE OXPC:**

Examinado o expediente relativo a "Instalación de rede de sumidoiros no lugar de Carrasco- Marcón", por importe de 188.993,23€, ao abeiro do disposto no art. 57 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, este Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade (OXPC) informa que:

No exercicio 2008, aprobouse un expediente de modificación de crédito, 2/08 (1R/08), mediante INCORPORACIÓN DE REMANENTES, por importe de 30.520.273,72. – euros, correspondentes ao Concello de Pontevedra, dentro destes créditos obxecto de incorporación encontrábanse os compromisos de gastos para obras de saneamento rural incluídas no "Plan de Saneamento rural". A 31 de decembro de 2008 estes créditos estaban en situación de créditos retidos (RCREM nº2008-10771).

No exercicio 2009, aínda que está pendente de se realizar a incorporación de remanentes, sinalar que ao abeiro do artigo 182 do T.R.L.R.F.L., estas previsións de créditos non poderán ser obxecto de incorporación como remanentes xa que foron incorporados como tales no exercicio inmediato anterior e neste artigo recóllese o seguinte límite temporal "(...) *podrán incorporarse a los correspondientes créditos de los presupuestos de gastos del ejercicio inmediato siguiente, (...)*", informar que ante esta situación de inexistencia de crédito caben dúas opcións:


- ou ben, proceder a realización dunha modificación orzamentaria sobre o orzamento prorrogado para 2009,
- ou ben, consignarse esta cantidade nos créditos orzamentarios do orzamento de 2009, o que deberá ser tido en conta na súa elaboración,

en calquera caso suliñar que, a día de hoxe, non existe consignación para asumir o gasto que suporía a realización do presente proxecto.

A vista do informado o órgano competente adoptará o (s) acordo (s) que estime oportunos.

Pontevedra, 24 de marzo de 2009

**A TÉCNICA DE CONTABILIDADE E PRESUPOSTACIÓN,**



CONFORME:  
A TITULAR DO OXPC,